

I.- DISPOSICIÓN XERAIS

I-A.- NORMAS XERAIS

As disposicións que se establecen a continuación constitúen o Regulamento de Ciclismo da Federación Galega de Ciclismo e anulan, definitivamente, os Regulamentos Xerais e Técnicos, que fosen aprobados con anterioridade, así como a Normativa Técnica que igualmente fose aprobada con anterioridade a esta. As disposicións que se establecen a continuación, son un complemento adicional, de carácter regulamentario ao establecido no Regulamento do Deporte Ciclista da UCI e serán de aplicación para todas as competicións de carácter autonómico. Calquera disposición ou caso non considerado nesta normativa técnica, será resolto con base no que se indique no Regulamento do Deporte Ciclista UCI ou nos Regulamentos Técnicos e Particulares da Real Federación Española de Ciclismo (RFEC).

Os presentes Regulamentos son de aplicación a todas as persoas e entidades que dunha forma ou outra se atopen baixo o ámbito da Federación Galega de Ciclismo. Toda persoa natural ou xurídica, baixo o ámbito da Federación Galega de Ciclismo, en posesión da licenza federativa, ten a obriga de coñecer os presentes regulamentos e, polo tanto, sométese ás consecuencias que poidan derivarse da súa aplicación, sen que, en ningún caso, poida alegar ignorancia destes.

Todas as persoas sinaladas con anterioridade deben ter presente que para todo canto se refira ao cumprimento destes regulamentos deben dirixir as súas peticións á Comisión Técnica da Federación Galega de Ciclismo, para aclaracións ou solicitude de melloras, ou ao Comité de Competición da Federación Galega de Ciclismo para reclamacións de competición ou denuncias disciplinarias, sendo neste caso o procedemento, o indicado no Regulamento de Disciplina Deportiva da Federación Galega de Ciclismo.

I-B.- ACTIVIDADES DEPORTIVAS

A Federación Galega de Ciclismo ten competencia para fixar as limitacións que considere oportunas respecto á actividade deportiva dos corredores, relacionada coas esixencias propias da categoría, en interese da tutela do patrimonio deportivo ciclista.

I-C.- REPRESENTATIVIDADE

O Presidente da Federación Galega de Ciclismo, ou o Directivo no que delegue, cando asista a un acto ciclista, o presidirá como máxima Autoridade Deportiva Ciclista na Comunidade Autónoma Galega

I-D.- LICENZAS

1.1 DEFINICIÓN:

Segundo regulamentación da RFEC

1.2 PERÍODO DE VALIDEZ:

Segundo regulamentación da RFEC

1.3 SEGURO OBRIGATORIO:

Adaptado á Lei do deporte da Comunidade Autónoma Galega.

I-D.1.- LICENZAS DUN DÍA

Para fomentar a participación nas probas que organizan os clubs da Federación Galega de Ciclismo, poderán participar todos os nenos/as previa obtención, da licenza de 1 día.

A licenza dun día ten un custo económico fixado nas Obrigas Financeiras da Federación Galega de Ciclismo.

Autorizaranse soamente as licenzas temporais dun día en todas as probas de Ciclismo Para Todos, Escolas e BMX Freestyle.

O organizador de probas nas que participen ciclistas con licenzas dun día está obrigado a enviar como máximo as 23:59 horas do mércores anterior a relación de participantes segundo documento que se atopa na páxina web da Federación ás direccións de correo electrónico da correduría intermediaria da compañía de seguros e a federacion@fgalegaciclismo.es

No prazo de 2 días hábiles, o club organizador enviara o documento orixinal á federación co resguardo do ingreso bancario correspondente ao pagamento das altas no seguro dun día.

O seguro só estará vixente mentres se disputa a proba para a que se fai a licenza dun día.

No caso no que o ciclista sexa menor de idade, deberá de incluír unha autorización dos pais ou titores legais.

No caso de que o ciclista non posúa DNI, deberá figurar o dun dos seus pais ou titores legais e ademais incluír unha autorización destes.

As licenzas dun día non serán tidas en conta para a elaboración dos censos electorais, nin para os rankings ou copas autonómicas.

Esta validez só se permitirá en probas inscritas no calendario autonómico da Federación Galega de Ciclismo.

A licenza dun día permite disputar a proba na que foi estendida, sendo a cobertura do seguro de R. C. e accidentes dende o inicio da proba ata o fin ou peche de control da proba, que se produza por motivos de seguridade polas forzas de orde público ou membros da organización.

I-E.- CATEGORÍAS

Segundo regulamentación da RFEC

I-F.- XUÍCES ÁRBITROS E CRONOMETRADORES

Segundo Regulamentación da RFEC

I-G.- REGULAMENTO DE ENSINOS DEPORTIVOS

I-G.1.- LEXISLACIÓN

Os cursos para a obtención dos títulos de director deportivo de ciclismo, realizaranse de acordo co establecido pola Xunta de Galicia e o Regulamento e Normativa da Escola Nacional de Adestradores da Real Federación Española de Ciclismo

I-H.- ORGANIZACIÓN E REGULAMENTOS PARTICULARES DAS CARREIRAS

Poderán organizar carreiras ciclistas as entidades xurídicas que teñan licenza de club ou de organizador en vigor. Para que unha actividade ciclista sexa incluída no calendario autonómico terá que cumprir o seguinte requisito:

Facer a solicitude de inclusión da proba no calendario, a través da zona privada do club, na plataforma web da Federación Galega de Ciclismo.

Os prazos establecidos pola Xunta de Galicia para solicitar as pertinentes autorizacións son:

- Para as probas e marchas ciclismo para todos de BTT, 3 meses de antelación na Consellería de Medio Rural
- Para as probas de estrada, 1 mes ante a Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza

Isto implica que deberán remitir os regulamentos a Federación como mínimo 15 días antes para a expedición dos certificados.

Para as probas que só requiran a autorización do seu concello ou non necesitan ningún tipo de permiso, o prazo de presentación dos regulamentos ante a FGC é de 45 días (o mesmo prazo que as probas de estrada)

Coa remisión dos regulamentos á Federación, deben achegar as copias dos xustificantes dos pagos das taxas federativas e da arbitrase, sen este requisito non se aprobarán os regulamentos e non se expedirán os certificados.

O abono das taxas administrativas de acordo coas obrigas financeiras do ano natural e para cada categoría.

As taxas arbitrais deberán ser aboadas segundo as obrigas financeiras do ano natural

PREINSCRIPCIÓN E INSCRIPCIÓN

Toda proba competitiva celebrada baixo o amparo da FGC farase por preinscripción telemática:

- Para as probas que se celebren durante o fin de semana, as preinscripcións se pecharán o mércores anterior as 23:59 horas.
- Para as probas que se celebren durante a semana, as preinscripcións se pecharán tres días antes da proba as 23:59 horas.

Queda totalmente prohibido realizar inscricións pasado este prazo.

As categorías cadetes e xuvenís masculino e feminino non pagarán inscrición nas modalidades ciclistas: ruta, BTT-XCO, BTT-XCM e CX.

O mesmo día da proba toda confirmación de inscrición polos xuíces-árbitros, entrega de placas e dorsais será desde unha hora e media e ata media hora antes da proba, improrrogables. Na medida do posible, a confirmación da inscrición será realizada por persoas con licenza de monitor, director deportivo, licenciado ou representante de club con autorización expresa polo mesmo.

Para probas de estrada, a categoría mínima para poder facer a inscrición do clube (tamén para participar no sorteo de vehículos seguidores) será a seguinte:

- Para escolas: monitor
- Para cadetes ruta: mínimo Nivel I. / cadetes circuito: monitor
- Para junior: mínimo Nivel II.
- Para sub 23 e élite: Nacional III.
- Para másters: Nivel I ([e monitor exclusivamente para a temporada 2021](#))

Na proba o vehículo do clube só poderá conducilo quen cumpra coa categoría mínima exigible para o sorteo e haxa participado no mesmo. De maneira excepcional, o Presidente do Xurado Técnico da proba autorizara ao organizador os invitados para acceder os coches dos equipos.

Os auxiliares terán obrigatoriamente licenza da RFEC.

I-I.- CONTROL DE CARREIRAS

I-I.1.- ACTAS DE CARREIRA E FOLLAS DE INSCRICIÓN

Os presidentes de Xurado Técnico das carreiras incluídas no Calendario da Federación Galega de Ciclismo, remitirán de forma telemática (federacion@fgalegaciclismo.es) directamente á Federación a acta e a folla de inscrición da carreira axiña como se termine e o orixinal debidamente asinado nun prazo máximo de 3 días dende a súa finalización.

O Xurado Técnico, se as condicións de cobertura de rede informática o permiten, subirá as clasificacións unha vez finalizada a proba, e en todo caso nunca despois de 10 horas da súa finalización.

En canto a Campionatos de Galicia e Copas de Galicia, ademais de mandarse de modo telemática ao acabar a proba, deberá enviarse nun prazo máximo de 48 horas a acta orixinal debidamente asinada.

RECLAMACIÓNS

Sempre que as condicións técnicas o permitan ao rematar a competición, o Xurado Técnico expoñerá en lugar visible as clasificacións da proba. O prazo para admitir reclamacións ás mesmas comprenderá desde a súa publicación ata a cerimonia protocolaria de entrega de premios e deberá facerse por un licenciado, que se identificará mediante presentación de

licenza ao xurado-técnico.

A reclamación que implique a un menor de idade, só se admitirá na proba que figure na inscrición ao monitor, director deportivo, licenciado ou representante de club con autorización expresa polo mesmo. Toda reclamación que non cumpra estas condicións será desestimada.

2 I-J.- EQUIPOS - CESIÓN

EQUIPOS CICLISTAS.

Segundo Regulamentación da RFEC

CONTRATOS.

Segundo Regulamentación da RFEC

CESIÓN.

Segundo Regulamentación da RFEC

COMPETICIÓN NO ESTRANXEIRO

Segundo Regulamentación da RFEC

I-K.- CICLISMO ESCOLAR

A tempada oficial para as probas de escola de estrada e BTT será a comprendida entre o primeiro fin de semana de abril ata o primeiro fin de semana de outubro.

Os nenos/as posuidores de licenzas Infantís, Alevíns, Principiantes e Promesas poderán participar cun límite máximo de 25 probas ao longo da temporada, a excepción das probas de Mini DH que non entraran neste cómputo. Sen intervalo de días entre elas. Soamente, poderán participar nunha proba por día.

Para fomentar a participación nas probas que organizan os clubs da Federación Galega de Ciclismo, poderán participar todos os nenos/as previa obtención, da licenza de 1 día, que deberá ir obrigatoriamente asinada polo pai/nai ou titor.

A Federación Galega de Ciclismo, fará unha bonificación por un importe equivalente ó aboado pola licenza de un día se posteriormente ao pago se obtén a licenza anual. (Neste caso a bonificación deberá ser solicitada polo club de destino)

A Federación Galega de Ciclismo establecerá un rexistro de Escolas de Ciclismo público na súa páxina web.

I-L.- SELECCIÓN GALEGA

Calquera corredor/a poderá ser convocado/a para formar parte do equipo autonómico e debe considerarse á disposición da Federación Galega de Ciclismo.

A composición de corredores que formen parte da Selección Autonómica, será a criterio e responsabilidade do seleccionador en cada unha das diferentes especialidades. Só poderán ser seleccionados, corredores de nacionalidade española, e cuxa licenza sexa emitida pola Federación Galega de Ciclismo.

En caso de rexeitar ou non presentarse a un requirimento non xustificando a súa ausencia nun prazo de 24 horas de ser convocado, o/a corredor/a poderá ser suspendido de forma cautelar cun máximo de 30 días polo correspondente órgano disciplinario. Non se exime da súa responsabilidade ao responsable do equipo ao que pertenza o/a corredor/a, quen será denunciado ante o mencionado órgano disciplinario.

O/a corredor/a chamado a formar parte do equipo galego, está obrigado a utilizar cada elemento da indumentaria e o material posto á súa disposición pola Federación Galega de

Ciclismo. Calquera corredor/a que sexa seleccionado/a pola Federación Galega de Ciclismo para participar nos Campionatos de España, ten a obriga inescusable de participar nos mesmos, na forma e condicións que esta estableza.

I-M.- MEDIDAS DORSAIS E PLACAS

Toda proba competitiva efectuarase obrigatoriamente seguindo as seguintes medidas de dorsais e soportes. Nova táboa de medidas (Normativa UCI, versión a 11.02.20)

	Dorsales	Placa de cuadro	Número de hombro	Placa de manillar
Altura	18 cm 15 cm BTT	9 centímetros	9 centímetros	15 cm MTB 20 cm BMX 11 cm Trial
Anchura	16 cm 14 cm BTT	13 centímetros	7 centímetros	14 cm MTB 25 cm BMX 16 cm Trial
Cifras	10 cm	6 centímetros	5 centímetros	8 cm MTB 10 cm BMX 10 cm Trial
Espesor del trazo	1,5 cm	0,8 centímetros	0,8 centímetros	1,5 cm MTB 1,5 cm BMX 1,5 cm Trial
Publicidad	Altura de 6 cm sobre la parte inferior MTB altura 2.5 cm en la parte superior y inferior	Rectángulo de 11x2 centímetros sobre la parte inferior o superior	Altura de 1,5 cm sobre la parte inferior y superior	MTB: altura 2,5 cm sobre la parte superior e inferior BMX: 6 cm en la parte superior Trial: altura 2,5 cm en la parte inferior

I-N.- MATERIAIS

En todas as probas a celebrar de carácter autonómico estará permitido o arco inchable na liña de meta. Nas probas de DH, o arco estará situado a lo menos a 10 metros despois da liña de meta.

I-Ñ.- NORMAS RELATIVAS AO DESENVOLVEMENTO DAS CERIMONIAS PROTOCOLARIAS EN TODOS OS CAMPIONATOS DE GALICIA

O corredor deberá presentarse á cerimonia co maillot/camisola/culotte/pantalón co que competiu ou se llo cambia por aseo ou deterioración, cun idéntico. Por analoxía aos campionatos de España, os corredores presentaranse sen gorra, cintas ou lentes e todo iso ata o momento en que abandonen o recinto previsto para a cerimonia protocolaria.

Un campión de Galicia poderá vestir a camisola que lle identifica como titular e levar a publicidade regulamentaria do patrocinador ou patrocinadores principais, como moi pronto o día seguinte ao que se lle entregou.

I-O.- CERIMONIA PROTOCOLARIA DE PÓDIUM PARA TODAS AS PROBAS

A asistencia á cerimonia protocolaria de podium é obrigatoria para aqueles corredores que teñan posto de podium.

O/a corredor/a deberá presentarse na cerimonia protocolaria co equipamento oficial de competición do equipo (maillot / camisola, culotte / pantalón dependendo da disciplina), podendo unicamente ser substituído polo equipamento de inverno se as condicións climatolóxicas así o aconsellan.

I-P.- CERIMONIA PROTOCOLARIA DE PODIO PARA PROBAS PUNTUABLES

A asistencia á cerimonia protocolaria de podium é obrigatoria. No caso de ausencia, a primeira falta, o corredor/a será penalizado perdendo a puntuación desa proba na clasificación xeral individual. Na segunda, o corredor/a será eliminado da clasificación xeral individual.

O/a corredor/a deberá presentarse na cerimonia protocolaria co equipamento oficial de competición do equipo. No caso de que un corredor/a incumpra ca norma anterior, aplicaráselle as seguintes sancións: a primeira vez penalizaráselle na clasificación xeral individual con 40 puntos, a segunda con 80 puntos e a terceira descualificaráselle da mesma.

A Federación Galega de Ciclismo, ao final das Copas Galicia ou Trofeo Federación, entregará obsequio aos 3 primeiros clasificados e maillot ao vencedor da clasificación xeral individual de cada categoría.